Repesca infantil. Primeiros eliminados.

Na xornada do luns, chegaron os momentos decisivos do Torneo. Disputáronse os partidos de repesca de infantís, onde dous equipos quedaron eliminados do Torneo.

As 18:00 disputouse o primeiro envite

PLAYARES, 8 - PRADOS VELLOS, 7

Comezou forte o Prados Vellos, collendo unha vantaxe de ata 5 goles. Pero o Playares non se rendiu, e pouco a pouco foi achegandose no marcador. No último tempo do partido, moita emoción e loita. Finalmente, o Playares conseguía unha meritoria remontada, apeando do Torneo ós de Prados Vellos.

O Playares enfróntase o mércores **AS SEIS MENOS CUARTO** da tarde 1º clasificado do grupo B, ó Perlío, na segunda semifinal.

As 18:45 xogouse a segunda repesca:

VIDEO CLUB ARES, 14 - VERDES, 7

Dominio claro do Video Ares ante uns Verdes que puxeron moita ilusión neste torneo, que hoxe abandonan. O Video Ares enfróntase o mércores as **CINCO** da tarde o equipo de Los Polluelos, na primeira semifinal.

Na xornada do martes, chegan ás repescas de alevíns:

18:00 VERDES – CANTINA SKULL PÁDEL

18:45 LOS VALIENTES – NORWAYS

Contínua a emoción no Torneo de Fútbol Praia Ares 2011, non deixedes de pasar pola Praia de Ares.

NOTA: Cambio da hora habitual nas SEMIFINAIS INFANTÍS. Débido o interesante partido de Copa Deputación, EUME – CERCEDA o mércores as 19:00 no municipal de Prados Vellos en Ares, a organización do campionato de Fútbol Praia acordou adiantar ós horarios das semifinais de infantís. Ás 17:00 xogarase a primeira e ás 17:45 a segunda, para que todos os integrantes do Torneo de Fútbol Praia poidan desfrutar dun dos equipos punteiros da terceira de Galicia, o Cerceda, en Prados Vellos.